

**Memoria anual do Centro Municipal de Información  
dos Dereitos da Muller de Vigo**

***2007***

**1 DE XANEIRO DE 2007 Ó 31 DE DECEMBRO DE 2007**

## DATOS GLOBAIS DA ACTIVIDADE NO CIM

### NUMERO DE MULLERES ATENDIDAS ENTRE 1 DE XANEIRO DE 2007 E O 31 DE DECEMBRO DE 2007

QUE XA TIÑAN EXPTE. ABERTO ANTERIOR Ó 2007	EXPTE. ABERTO DURANTE O 2007	TOTAL MULLERES ATENDIDAS
<b>387</b>	<b>566</b>	<b>953</b>

### RELACION ENTRE MULLERES E PROBLEMÁTICA DE MALOS TRATOS (MT)

QUE XA TIÑAN EXPTE. ABERTO ANTERIOR Ó 2007			EXPTE. ABERTO DURANTE O 2007			TOTAL MULLERES ATENDIDAS		
CON MT	SEN MT	TOTAIS	CON MT	SEN MT	TOTAIS	CON MT	SEN MT	TOTAIS
<b>151</b>	<b>236</b>	<b>387</b>	<b>148</b>	<b>418</b>	<b>566</b>	<b>299</b>	<b>654</b>	<b>953</b>

ATENDIDAS 2007 CON EXP. CASA ACOLLIDA		
Non acollidas	Acollidas	Total
<b>886</b>	<b>67</b>	<b>953</b>

**CONSULTAS** (Cada muller realiza varias consultas ó CMIDM)

CONSULTAS DE MULLERES QUE XA TIÑAN EXPTE. ABERTO ANTERIOR Ó 2007	CONSULTAS DE MULLERES ÁS QUE SE LLES ABRIU EXPTE. DURANTE O 2007	TOTAL CONSULTAS ATENDIDAS
<i>1671</i>	<i>2482</i>	<i>4153</i>

**RELACION ENTRE CONSULTAS E PROBLEMÁTICA DE MALOS TRATOS (MT)**

CONSULTAS DE MULLERES QUE XA TIÑAN EXPTE. ABERTO ANTERIOR Ó 2007			CONSULTAS DE MULLERES ÁS QUE SE LLES ABRIU EXPTE. DURANTE O 2007			TOTAL CONSULTAS ATENDIDAS		
CON MT	SEN MT	TOTAIS	CON MT	SEN MT	TOTAIS	CON MT	SEN MT	TOTAIS
<i>798</i>	<i>873</i>	<i>1671</i>	<i>896</i>	<i>1586</i>	<i>2482</i>	<i>1694</i>	<i>2459</i>	<i>4153</i>

## **IDADE DAS MULLERES QUE CONSULTARON ESTE ANO**

<b>IDADE</b>	<b>Nº MULLER ES</b>	<b>PORCENTA XE</b>
>18	<b>15</b>	<b>1,6</b>
18-25	<b>69</b>	<b>7,2</b>
26-35	<b>292</b>	<b>30,6</b>
36-45	<b>246</b>	<b>25,8</b>
46-55	<b>136</b>	<b>14,3</b>
56-65	<b>78</b>	<b>8,2</b>
<65	<b>25</b>	<b>2,6</b>
NON CONSTA	<b>92</b>	<b>9,7</b>
Total	<b>953</b>	<b>100,0</b>

## AUXILIAR ADMINISTRATIVA

## **PROGRAMA DE ACOLLIDA NO C.M.I.D.M E ATENCION EN PRIMEIRA INSTANCIA**

A primeira entrevista á muller a realiza a administrativa, sendo esta a primeira canle para a derivación ás distintas profesionais do Centro ou ben a outros servizos especializados.

Da totalidade das mulleres que demandan calqueira tipo de información, tanto telefónicamente como achegándose ó propio Centro, unicamente se abre ficha persoal cando a muller fai consultas específicas deste Servizo, polo que o número de consultas que se refrexan é considerablemente inferior ó número de consultas que realmente se atenden.

Esta primeira entrevista á muller, consiste nunha escoita activa da súa problemática para coñecer as cuestións sobre as que necesita asesoramento e así facer unha axeitada derivación á profesional adecuada, ademáis de facilitar as primeiras indicacións e labores de apoio pertinentes.

A isto se engade a recollida dos datos necesarios para facer a ficha persoal da muller e a súa volcadura na base de datos informática da oficina, e a remisión mensual ó SGI das estadísticas do Servizo.

### **ACTIVIDADE DA ADMINISTRATIVA DO CIM**

TIPO DE EXPEDIENTE		
Previo	Novo 2007	Total
<b>45</b>	<b>153</b>	<b>198</b>

TIPO DE EXPEDIENTE		
Previo	Novo 2007	Total
Malos tratos	Malos tratos	Malos tratos

(físicos, psicolóxicos ou sexuais)			(físicos, psicolóxicos ou sexuais)			(físicos, psicolóxicos ou sexuais)		
Si	Non	Total	Si	Non	Total	Si	Non	Total
<b>25</b>	<b>20</b>	<b>45</b>	<b>39</b>	<b>114</b>	<b>153</b>	<b>64</b>	<b>134</b>	<b>198</b>

## CONSULTAS ATENDIDAS POLA ADMINISTRATIVA DO CIM

	TIPO DE EXPEDIENTE		
	Previo	Novo 2007	Total
CONSULTAS	<i>104</i>	<i>474</i>	<i>578</i>

## CONSULTAS POR TIPO DE EXPEDIENTE

Malos tratos (físicos, psicolóxicos ou sexuais)		
Si	Non	Total
<i>204</i>	<i>374</i>	<i>578</i>

CASA DE ACOLLIDA		
Non acollidas	Acollidas	Total
<i>530</i>	<i>48</i>	<i>578</i>

## OUTRAS ACTUACIONES RELEVANTES E XESTIÓN DE CONSULTAS

\*Establecer un vínculo entre a muller e o C.I.M.

\*Atención telefónica: información/detección da situación violencia de xénero, favoreciendo a atención e apoio a vítima.

\*Xestións administrativas

\*Explicación escritos, resolucións, requerimentos, citacións..., así como axuda á cumprimentación instancias.



\*Contacto con T. Sociais e servicios específicos : CIM, Concellos, xulgado, Colexio abogados, Inss, Inem, Colexios. .etc.

\*Explicación detallada da documentación necesaria para demandar xustiza gratuita.

\*Cumprimentación solicitude xustiza gratuíta

\*Información e xestións para tramitación do SADI.

\*Reunións de coordinación semanáis có equipo do Centro de Información así como có equipo da Casa de Acollida

CONSULTAS POR TIPO	
Acollemento	115
Información e cumprimentación xustiza gratuita	33
Entrevistas - Derivaciones externas	30
Información a usuarias	84
Informacion s/Casa acollida, denuncia.	19
Escoita	85
Derivación usuarias a profesionais CIM	189
Outras xestións	23
TOTAIS	578

## ATENCIÓN SOCIAL

**ATENCIÓN DA TRABALLADORA SOCIAL EN 2007:**

## INTRODUCCIÓN

No ámbito social foron atendidas no Centro Municipal de información dos Dereitos da Muller 302 mulleres, das que 153 acudían por primeira vez ó mesmo.

Neste servizo, as funcións específicas que leva a cabo a Traballadora Social son atender as demandas das mulleres vítimas de violencia de xénero co fin de conseguir a súa incorporación normalizada a vida cotiá. Así como xestionar o servizo de atención domiciliaria á infancia.

TIPO DE EXPEDIENTE Nº MULLERES		
Previo	Novo 2007	Total
<i>149</i>	<i>153</i>	<i>302</i>

TIPO DE EXPEDIENTE Nº MULLERES								
Previo			Novo 2007			Total		
Malos tratos (físicos, psicolóxicos ou sexuais)			Malos tratos (físicos, psicolóxicos ou sexuais)			Malos tratos (físicos, psicolóxicos ou sexuais)		
Si	Non	Total	Si	Non	Total	Si	Non	Total
<i>80</i>	<i>69</i>	<i>149</i>	<i>63</i>	<i>90</i>	<i>153</i>	<i>143</i>	<i>159</i>	<i>302</i>

TIPO DE EXPEDIENTE Nº DE CONSULTAS		
Previo	Novo 2007	Total
<i>498</i>	<i>500</i>	<i>998</i>

Nº CONSULTAS Malos tratos (físicos, psicolóxicos ou sexuais)		
Si	Non	Total

<i>545</i>	<i>453</i>	<i>998</i>
------------	------------	------------

MULLERES ATENDIDAS CON EXPEDIENTE DE CASA DE ACOLLIDA		
Non acollidas	Acollidas	Total
<i>258</i>	<i>44</i>	<i>302</i>

IDADE	Nº MULLERES	PORCENTAXE
>18	<i>4</i>	<i>1,3</i>
18-25	<i>32</i>	<i>10,6</i>
26-35	<i>112</i>	<i>37,1</i>
36-45	<i>69</i>	<i>22,8</i>
46-55	<i>36</i>	<i>11,9</i>
56-65	<i>17</i>	<i>5,6</i>
<65	<i>6</i>	<i>2</i>
NON CONSTA	<i>26</i>	<i>8,6</i>
Total	<i>302</i>	<i>100,0</i>

CONSULTAS POR TIPO	
INFORMACION E TRAMITACION SADI	205
INFORMACION E TRAMITACION SALARIO LIBERTADE	99
INFORMACION E TRAMITACION RENTA ACTIVA DE INSERCIÓN	82
INFORMACION VIVENDA VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO	76
INFORMACION E DERIVACION SERVIZOS SOCIAIS ESPECIALIZADOS	58
INFORMACION E DERIVACION SERVIZOS SANITARIOS	9

INFORMACION E DERIVACION A SS.SS. DE ATENCION PRIMARIA	89
INFORMACION E DERIVACION PROGRAMAS ESPECÍFICOS DE EMPREGO	112
CASA ACOLLIDA	28
INFORMACION RECURSOS E PRESTACIÓNS SOCIAIS	97
OUTROS SERVIZOS ESPECÍFICOS AREA DE MULLER	34
OUTROS RECURSOS E XESTIÓNS	109
TOTAIS	998

## DESCRINCIÓN DOS DATOS POR SECTORES DE ATENCIÓN

A descripción por sectores de atención, é unha forma de estruturar a atención dada ás mulleres, para que o estudo das súas problemáticas sexa máis tanxible, medible e consecuentemente poidamos atopar fórmulas conxuntas de resolucións destas situacións-problema

## SECTORES

De forma esquemática hai que dicir que os sectores referidos son:

1. Información xeral e seguemento
2. Asistencia social
3. Asistencia sanitaria
4. Apoio laboral
5. Menores
6. Inmigrantes
7. Soporte residencial (vivenda xeral, Casa Acollida)
8. Recursos de emerxencia
9. Outros: colabouración interdisciplinar.

### 1.- Información xeral e seguemento

Este apartado fai referencia as problemáticas sociais que presentan as mulleres que acuden ó CIM , así coma incontables informacións

telefonicas e presenciais sobor das funcións do CMIDM ou das diferentes atencións que se poden recibir neste servico. Esta información é facilitada tanto a individuos\as como a entidades ou organismos.

O seguemento refírese a unha labor de coordinación con distintos servizos relacionados coa problemática plantexada.

## **2.- Asistencia social**

Inclúense neste sector as intervencións realizadas na primeira intervención diagnóstica e de estudo de necesidades das mulleres que acoden o servico, así como a información sobre programas e prestacións de servizos sociais, e se procede, a conseguinte derivación ás UBAS.

Coas mulleres vítimas de violencia iniciase nesta fase o proxecto de intervención individualizada. Xa que ademais da diagnose e a historia social elaborase coa usuaria obxectivos, metodoloxía, prazos e búsqueda de recursos.

## **3.- Asistencia sanitaria**

Dentro da asistencia sanitaria inclúense variables como xestión de tarxeta sanitaria, coordinación con homóloga do Centro de saúde ou centro hospitalario, planificación familiar (IVE, seguemento do embarazo), ou derivación a centro especializado de tratamento de condutas adictivas (alcoholismo, drogodependencia, ludopatía..). Tamén coordinación con servizos de saúde mental, información sobre grado de minusvalía e posible pensión non contributiva por invalidez

As intervencións neste sector son fundamentais cando se trata da detección precoz dos malos tratos, xa que os servizos sanitarios son os primeiros en sospeitar dos indicios habituais nos casos de violencia de xénero, xa que as veces trátase de ocultar esta problemática cando se presentan outras necesidades de atención sanitaria. A evidencia faise patente cando se valoran os maltratos físicos.

## **4.- Apoio laboral**

O verdadeiro obstáculo na inserción social atopámolo na dificultade de atopar traballo que garanta unha vida digna tanto para a muller como para os fillos e fillas que ten o seu cargo polo regular. Aquí observamos dúas situacións tipo, a primeira é aquela coa que se atopa a muller sen experiencia laboral, falta de formación ou que a teña sen actualizar, e a segunda é a que teñen que padecer mulleres que a pesar de non ter deficits formativos vense obrigadas a aceptar postos de traballo que non se axustan as súas potencialidades. Deste modo, e tendo en conta un dos principais obxectivos do Traballo Social como é o de aumentar o grado de autonomía das persoas, trátase de apoiar as mulleres na activa de emprego, na derivación a servizos especializados, coordinación con programas específicos como o de inserción laboral da Xunta para vítimas de violencia de xenero e con orde de protección, ou o BIAL posto en marcha polo Ilmo. Concello de Vigo no que se priorizaban as mulleres vítimas.

É destacable neste apartado a prestación da RAI concedida a través do INEM para distintos colectivos, entre eles as mulleres vítimas de violencia de xénero. Con esta prestación do redor dun ano as mulleres poden iniciar aínda que tímidamente debido a baixa cuantía, a búsqueda dun emprego.

## **5.- Menores**

E neste item onde se quere deixar palpable as verdadeiras arquitecturas sociais que teñen que realizar as mulleres con cargas familiares non compartidas, e con escasos ingresos económicos, para manter un nivel normalizado de vida. Traballan, comen, pagan o aluguer, coidan dos fillos e fillas, e aínda tratan de non caer enfermas. A principal demanda para este colectivo vaír vir reflexado pola demanda de servizos que posibiliten a compatibilidade da xornada laboral e o coidado dos menores. De ahí o volume de traballo no servizo de atención domiciliaria para a infancia ,a intervención baséase en valorar a idoneidade do programa tanto para a familia como para algún colectivo, posterior tramitación e seguemento do caso, outros servizos como garderías, ludotecas, campamentos, escolas de verán, facilitan tamén a compatibilidade mencionada.

Así mesmo, se informa e tramita a prestación por fillo a cargo, becas de comedor e material tanto municipais como doutras administracións e a Axuda de Integración do Menor. Derívase para a obtención do cheque infantil, cambio de centro escolar ou servizo de orientación familiar. Colaborase estreitamente co servizo de Atención á infancia tanto da Xunta como do Concello de Vigo.

## **6.-Inmigrantes**

Dende xa varios anos vense detectando un aumento de mulleres inmigrantes solicitantes da nosa intervención no que se refire á regularización da súa residencia e traballo, sen contar o incremento da demanda de solución de necesidades como aloxamento, orientación laboral e coidado de nenos (SADI). A actuación fundamental centrase en derivar a servizos especializados na materia tanto a nivel xurídico como de recursos de primeira necesidade. Así a oficina municipal para o inmigrante, o programa de Cáritas ou o de Cruz Vermella, sección sindicais ou centros relixiosos, dan soporte a este colectivo, en continua progresión cuantitativa.

## **7.- Soporte residencial**

Xunto co traballo, a vivenda supón un "handicap" en moitas situacións para afrontar unha rutura coa situación de violencia. A dificultade que ten a maioría das persoas en España para poder atopar un soporte residencial increméntase no colectivo de mulleres maltratadas, xa que non contan con suficientes ingresos económicos, teñen cargas familiares, e non dispoñen a curto prazo de posibilidades laborais. Medidas como a bolsa do aluguer, ou a bolsa de vivendas sociais, tratan de paliar este grave problema que imposibilita a inserción real destes novos núcleos familiares.

A labor da traballadora social do CMIDM consiste en orientar e apoiar á busca de vivenda utilizando os instrumentos e técnicas que ten a súa disposición, ademais de contar con grandes doses de imaxinación.



## **8.- Recursos emerxencia**

Inclúense aquí aquelas xestións que debido a situación de emerxencia , fan poñer en marcha os limitados recursos de atención as necesidades básicas, como son o aloxamento, e o alimento. A continuación procédese á derivación a zona da UBA correspondente.

## **9.- Outros**

Existen outras intervencións diarias que non constan na base de datos e refírense a aquelas que a pesar de non ser da propia disciplina profesional, facilitan o traballo en equipo e a relación humana coas mulleres como por exemplo as derivacións a outros servicios e programas

I

## ***CASA DE ACOLLIDA E PISO TUTELADO***

Durante o exercicio 2007 houbo 24 mulleres que permaneceron na casa de acollida e mailo piso tutelado acompañadas de 28 fillos.

## **AS INTERVENCIÓNS MÁIS DESTACABLES DA TRABALLADORA SOCIAL COAS MULLERES DA CASA DE ACOLLIDA E PISO TUTELADO SON:**

1.-Realización da primeira entrevista de acollida facendo a partir dela o protocolo de ingreso na Casa de Acollida

2.- Trámites:

- x Prestacións económicas.
- .- Coordinación cos servicios sociais de atención primaria dos concello para prestación de axudas económicas
- Solicitudes de pensións de invalidez, xubilación, renta activa de inserción e outros

-Solicitudes de axudas municipais para comedor e material escolar, entre outras.

- Tramitación das Axudas Económicas á Saida da Casa de Acollida.
- . Tramitación de Diñeiro de Peto das mulleres da Casa de Acollida

*x* Escolarización dos nenos/as:

- .- Solicitud de traslado de expediente académico dos nenos/as de maneira temporal ou definitiva
- .- Solicitaronse prazas nas escolas infantís subvencionadas pola Xunta

*x* No ámbito laboral:

- .- Seguemento en búsqueda de emprego e concertar cita nos centros da Xunta e do Concello de orientación laboral.
- .-. Información e tramitación do Programa de Inserción Laboral para vítimas de violencia doméstica da Xunta.
- . Coordinación co servizo de orientación laboral do Concello e co Programa de Inserción Laboral
- . Reunións de coordinación co Programa BIAL

*x* Vivenda.

- .Seguimento na búsqueda de vivenda, e de ser necesario acompañamento, acreditación de vítima de violencia ós efectos de solicitude de bolsa de aluguer, como consideración especial.

*x* Outros:

- .-Solicitudes de asistencia a programa de tempo libre para as mulleres e os fillos/as do Servizo Galego de Igualdade e Instituto da Muller.

.-Coordinación e reunións cos servizos necesarios para atención integral da muller.

- . Coordinación e reunións ca traballadora social da casa de acollida para a atención integral das mulleres e fillos/as da casa de acollida.

## **INFORMES SOCIAIS**

Os informes sociais que se emitiron foron:

.- Para formar parte do expediente de Risga e axudas de emerxencia, tramitadas pola traballadora social do Concello de referencia

.-Traslado e solicitude de Colexios

.-Problemáticas do menor, ante o Servicio da Infancia da Xunta de Galicia

.- Informes para as vacacións de estancias de tempo libre do Servicio Galego de Igualdade

.- Solicitude de traslado de Casa de Acollida

## **OUTROS INFORMES**

Emitíronse con motivo:

.- da solicitude de escolas infantis para os nenos/as da casa de acollida

.- Para formar parte do expediente da prestación económica da Renta Activa de Inserción

.- Solicitude da axuda económica á Saida da Casa de Acollida

## **OUTRAS INTERVENCIÓNS**

.-Acompañamentos e consultas a domicilio cando se precisaron

.-Emisión de informes técnicos á Concellería da Muller, valorando a necesidade de prórrogas de estancia na Casa de Acollida, entre outros

.-Reunións de coordinación semanais có equipo do Centro de Información así como có equipo da Casa de Acollida

.-Reunións de coordinación con outras compañeiras e outros profesionais para levar a cabo unha atención integral e conxunta dos casos.

## ATENCIÓN XURÍDICA

## II.1.1. DISTRIBUCIÓN E PROBLEMÁTICA XURÍDICA PRESENTADA

Distribución en canto as MULLERES que acudiron ó Centro para asistencia xurídica:

a) Distribución das mulleres que acudiron por primeira vez no ano 2007 (expedente novo), e mulleres que xa acudiran outros anos (expedente previo):

TIPO EXPEDIENTE		
Previo	Novo 2007	Total
188	353	541

b) Distribución das mulleres que acudiron no ano 2007 distinguindo entre as que sufriran malos tratos e as que non os sufriran (ou non o manifestaran):

MULLERES		
M.T.	Non M.T.	Total
122	419	541

Distribución en canto ás VISITAS celebradas pola abogada coas mulleres: (chamamos visitas ás entrevistas coa abogada)

c) Distribución do número de visitas de mulleres que acudiron por primeira vez no ano 2007 (expedente novo), e mulleres que xa acudiran outros anos (expedente previo):

TIPO EXPEDIENTE		
Previo	Novo 2007	Total
216	409	625

d) Distribución das visitas realizadas no ano 2007 distinguindo entre as que sufriran malos tratos e as que non os sufriran:

MULLERES		
M.T.	Non M.T.	Total
146	479	625

e) Distribución das visitas que acudiron no 2007, distinguindo entre mulleres acollidas na Casa de Acollida e as que non estiveron acollidas:

MULLERES		
Acollidas C.A.	Non acollidas	TOTAL
133	492	625

f) Número de visitas distribuídas por meses, e distinguindo entre mulleres que viñeran por primeira vez e expedentes xa abertos en anos anteriores:

MES	Exp. Previo	Exp. Novo	TOTAL
Xaneiro	20	31	51
Febreiro	25	30	55

Marzo	18	35	53
Abril	16	36	52
Maio	16	39	55
Xuño	20	27	47
Xullo	18	22	40
Agosto	0	1	1
Septembro	14	39	53
Outubro	27	65	92
Novembro	25	58	83
Decembro	17	26	43
TOTAL	216	409	625

Distribución en canto ás CONSULTAS XURÍDICAS que fixeron as mulleres nas súas visitas: (é dicir, ós asuntos xurídicos que se trataron):

g) Distribución do número de consultas en función de si a muller acude por primeira vez en 2007 (exp. Novo) ou se xa acudira anteriormente (Exp. Previo)

Total Consultas Realizadas 2007		
EXPEDENTE		
Previo	Novo	Total
441	977	1418

h) Distribución do número de consultas en función de si a muller sufría malos tratos ou non:

Total Consultas Realizadas 2007		
Malos tratos (físicos, psicolóxicos ou sexuais)		
Si	Non	Total
363	1055	1418

i) Distribución do número de consultas por meses, distinguindo expedentes previos de expedentes novos:

MES	Exp. Previo	Exp. Novo	TOTAL
Xaneiro	27	74	101
Febreiro	43	64	107
Marzo	30	70	100
Abril	34	85	119
Maio	23	83	106
Xuño	34	44	78
Xullo	27	42	69
Agosto	0	1	1
Septembro	39	102	141
Outubro	67	158	225
Novembro	71	173	244
Decembro	46	81	127
TOTAL	441	977	1418

j) Asuntos xurídicos tratados de forma principal:

(Neste apartado recóllense aquelas consultas prioritarias que ocuparon á entrevista. É certo que a abogada, na maioría dos casos, toca de modo xeral moitos máis asuntos, por considerar necesaria a súa exposición no caso concreto, pero neste apartado os que se recollen son aqueles que a muller demandaba de modo directo ou ben xeráronse da consulta inicial pero convertíronse en obxecto central da entrevista).

ASUNTO CONSULTA	CONSULTAS TOTÁIS
Información precisa sobre separación, á vista das novas leis	89
Información precisa sobre divorcio, e os conseguintes dereitos dos fillos, custodia, visitas, pensións alimenticia e compensatoria, uso domicilio...	411



MALOS TRATOS: concreción do contido xurídico do termo, alcance xurídico, medidas posibles, procedemento xudiciáis, opcións, ANTES de denunciar	379
Consultas sobre malos tratos DESPÓIS de denunciar: concreción do contido xurídico do termo, alcance xurídico, medidas posibles, procedemento xudiciáis, opcións...	32
Parellas de feito, especificidades actuáis	101
Liquidación sociedade de gananciales	105
Ejecución sentencias (impagos pensións, incumplimentos visitas,...)	132
Teleasistencia móvil	20
herencias	32
Outros delitos	33
Laboral	9
Acoso sexual	8
Reclamación paternidade	20
Outros dereitos	47
<b>TOTAL</b>	<b>1418</b>

## MEMORIA PSICOLÓXICA

## **INDICE**

### **3. ATENCION PSICOLOXICA**

#### **.3.1. DATOS GLOBAIS DA ACTIVIDADE**

#### **.3.2. Distribución e problemática sicolóxica presentada**

#### **.3.3. Intervención sicolóxica**

#### **.3.4. Variable sicolóxicas**

### **4. PROGRAMA DE ATENCION PSICOLOXICA A MULLERES VÍCTIMAS DE VIOLENCIA**

#### **Introducción**

#### **4.1. Poboación atendida**

#### **4.2. Problemática emocional**

#### **4.3. Intervención sicolóxica. Tipoloxía**

##### **4.3.1. Grupo terapéutico**

### **5. XESTIONS E DERIVACIÓNS**

### **6. FORMACIÓN E TALLERES**

### **7. PROGRAMA DE APOIO SICOLÓXICO**






### 3. ATENCION PSICOLÓXICA




No ano 2001 a Concellería da Muller de Vigo puxo en marcha o 1º Plan De Acción Municipal Para Combater A Violencia Contra As Mulleres. Dentro deste Plan contemplase un Programa Especifico de Atención Psicolóxica a mulleres vítimas de violencia e outro programa de apoio psicolóxico para mulleres que non sofren violencia pero que se atopan en situación de risco. Este programa púxose en funcionamento en setembro do 2001.

#### 3.1. DATOS GLOBAIS DA ACTIVIDADE



Mulleres atendidas

 < 2007	 = 2007	Total 
140	173	313

Distribución das mulleres segundo ano de apertura do expediente e presenza de malos tratos.-

 < 2007			 =2007			Total 		
Malos tratos (físicos, psicolóxicos ou sexuais)			Malos tratos (físicos, psicolóxicos ou sexuais)			Malos tratos (físicos, psicolóxicos ou sexuais)		
Si	Non	Total	Si	Non	Total	Si	Non	Total
67	73	140	73	100	173	140	173	313
47,85	52,14	100 %	42,19	57,80	100 %	44,72	55,27	100 %



Distribución das mulleres segundo estiveran ou non acollidas na casa.-

Casa de Acollida		
 Non acollidas	 Acollidas	Total 
280	33	313

### Distribución mensual da actividade

	Consultas < 2007	Consultas = 2007	Total Consultas
Xaneiro	54	8	62
Febreiro	69	41	110
Marzo	77	56	133
Abril	53	63	116
Maio	60	34	94
Xuño	58	37	95
Xullo	59	50	109
Agosto	36	38	74
Septembro	51	55	106
Outubro	53	58	111
Novembro	31	37	68
Decembro	27	54	81
<b>Total</b>	<b>628</b>	<b>521</b>	<b>1150</b>




Distribución etárea das mulleres atendidas .-

Idade	<i>No</i> 	% 
> 18	5	1,6
18-25	29	9,3
26-35	94	30,0

36-45	90	28,8
46-55	43	13,7
56-65	26	8,3
<65	6	1,9
NON CONSTA	20	6,4
<b>Total</b>	<b>313</b>	<b>100,0</b>


Consultas según el tipo Malos tratos (físicos, psicológicos ou sexuais)

Si	Non	Total
582	577	1159
51,58 %	48,41 %	100 %

Consultas das mulleres da Casa de Acollida		
 Non acollidas	 Acollidas	Total 
954	205	1159
82,32 %	17,68 %	100 %

3.2.- Distribución e problemática psicolóxica presentada

	Violencia	Non Violencia	Totais

Nº 	140	173	313
Nº de Consultas	582	577	1159

### Consultas das mulleres da Casa de Acollida

 <b>Acollidas</b>	<b>Total consultas</b>
24	122

### 3.3.- Intervención psicolóxica

Os datos reflectidos ato o momento, refírense os globais das mulleres que acudiron ó Centro Municipal de Información en demanda de asistencia psicolóxica.

Do total de mulleres 313 o 48,41% presentan como demanda inicial problemas de violencia.

Total		
Malos tratos (físicos, psicolóxicos ou sexuais)		
SI	NON	Total
140	173	313

A intervención psicolóxica, dende unha abordaxe feminista, esta baseada no modelo Integrador Multidimensional incidindo nos aspectos seguintes:

- Afectivos.



- Cognitivos.
- Conductuais

### **3.4.- Variables psicolóxicas**

Algunhas das variables psicolóxicas máis significativas que, explicrían a demanda que presentan as mulleres son:

- Resistencia a acepta-la ruptura da relación de parella.
- Culpa.
- Medo.
- Inseguridade.
- Baixa autoestima

Máis especificamente as mulleres que sufren violencia presentan ademáis as seguintes variables psicolóxicas:

- Indefensión.
- Temor o futuro
- Soedade.
- Minimización da problemática da violencia como resultado da adaptación a situación de tensión.
- Dependencia afectiva.
- Interiorización estereotipada do rol de xénero..

## **4. PROGRAMA DE ATENCION SICOLÓXICA A MULLERES VÍCTIMAS DE VIOLENCIA**

### **Introducción**

Tra-la experiencia adquirida despois dos anos de funcionamento do C.M.I.D.M. de Vigo e despois da recollida e análise dos datos fíxose patente a necesidade de elaborar e pór en práctica un Programa Especifico para Mulleres vítimas de violencia de xénero.

### **4.1.- Poboación atendida**

	MALOS TRATOS	AGRESIÓN SEXUAL
--	--------------	-----------------

	Non acollida	%	Casa Acollda	%	TOTAL	
Nº de mulleres	116		24		140	4
Nº sesións	460		122		582	15

#### 4.2.- Problemática emocional

A violencia de xénero e o factor de risco predominante contra e saúde de mulleres. Esta afirmación non so esta avalada pola nosa experiencia e a de outras/os profesionais, senon que tamen coinciden organismos e institucións internacionais (ONU, Amnistía Internacional, Consello Europeo, etc.)

Da problemática de violencia que presentan as mulleres que acuden o Centro Municipal de Información, son maioritarias a demanda de malos tratos seguidas de agresións sexuais

Os síntomas máis habituais que presentan as mulleres vítimas de violencia de xénero, e máis concretamente as que sofren M.T. refírense a seguinte sintomatoloxía:

Afectiva: Tristeza  
Apatía  
Soedade

Cognitiva: Ansiedade anticipatoria  
Rumiacións  
Sentimento de culpa  
Baixa autoestima.

Conductual: Pranto  
Temor  
Medo  
Disminución da atención  
Cambeo de humor

Fisiolóxica: Dor de cabeza  
Cansancio  
Insomnio  
Hipersomnio  
Trastornos da alimentación

#### **4.3.- Intervención psicolóxica. Tipoloxía**

Apoio	12
Asesoramento	148
Asesoramiento agresión sexual	4
Derivacion outros servicios sanitarios	3
Derivacion outros servicios sociais	6
Informacion xeral	44
Informe psicolóxico	8
Informe social	1
Outros	22
Primeira visita individual	173
Primeira visita outros	2
Seguemento outras terapias	3
Terapias	675
Intervención telefónica	44
Urxencias / crises	14
Total	1159

Ademáis destas cifras tamen recibiron asistencia Sicoloxica (10 nenas/os) A problemática máis habitual son problemas de conducta e do estado de ánimo. Ademais de facilitar a expresión dos seus sentimentos, das súas dúbidas, inquiredanzas e medos sobre a situación pasada e o futuro.

#### **4.4. Grupo terapéutico**

Este ano por circunstancias das mulleres ingresadas na casa de Acollida, as necesidades que presentaban e as relacións que se estableceron entre elas, o obxectivo principal das intervencións grupais foi incidir nos conflitos de relacións que se produciron na convivencia diaria.

## **5. XESTIONS E DERIVACIONS**

As tarefas do CMIDM non só comprenden a intervención directa cas mulleres que acuden ó centro; realízanse tarefas, que aínda que son difíciles de cuantificar, non poden por elo deixar de ser prioritarias e importantes; podemos resaltar:

- Elaboración de proxectos.
- Elaboración de informes para outros servicios, institucións, sobre todo nos casos de agresións sexuais e malos tratos (9)
- Asistencia a xuízos para ratificar os informes mencionados.(6)
- Intervencións fora do Centro en situacións de emerxencia, normalmente a petición doutros profesionais ou das propias vítimas para asistir no centro hospitalario no que se atopan ingresados por mor das agresións, neste ano foi precisa a miña presenza no hospital Meixoeiro e hospital Xeral.
- Xuntanza semanal das profesionais do Centro para a análise, información e coordinación das tarefas e intervencións profesionais.
- Xuntanzas de coordinación con profesionais doutros servicios (C.A., menores, saúde mental, asociacións, etc.).  
No caso da Casa de Acollida as xuntanzas están sistematizadas para unha coordinación nas intervencións e para analizar e valorar pautas de intervención cas mulleres e nenas/os
- Información asesoramento e contención telefónica. Esta intervención non queda sempre reflectida, nin cuantificada, sen embargo a levamos a cabo a diario.

## **6. FORMACIÓN E TALLERES**

6.1. Formación dirixida a profesionais de diferentes ambitos de actuación.

- Xornadas organizadas pola rede de mulleres contra a violencia.
- Xornada organizada pola Concello de Ferrol, dirixida a Psicólogas e Traballadores Sociais, sobre violencia e atención as vítimas.

- Formación no concello de Porriño dos seus profesionais.
- Conferencia sobre malos tratos no Concello de Allariz
- Conferencia no Complexo Hospitalario de Pontevedra ós profesionais de saúde mental sobre violencia de xénero.
- Formación no centro de saúde de Sardoma a 25 profesionais da saúde de dito centro sobre violencia de xénero.
- Colaboración coa Universidade de Vigo no II Máster de Xénero.
- Participación nunha taboa redonda no Concello de Sanxenxo.
- Participación en diversos medios de comunicación prensa, radio y televisión en relación a temas de violencia de xénero.

## **7. PROGRAMA DE APOIO SICOLOXICO**

### **PROGRAMA DE APOIO SICOLOXICO**

#### **INTRODUCCIÓN**

A intervención do programa de apoio está especialmente indicada naquelas mulleres que desexan axuda psicolóxica e a súa queixa refírese a:

- Insatisfacción nas súas relacións de parella, presentando ansiedade e depresión diante dunha toma de decisións.
- Desconfianza, tristura, desengano e culpa despois da ruptura de parella.
- Crise na parella.
- Preocupación polas fillas ou fillos nos casos de separación ou divorcio.
- Baixa autoestima, perda de confianza, dificultades no mundo laboral, depresións, ansiedade, medo,...conformando un síndrome de stress postraumático que perdura longo tempo despois de romper cunha relación abusiva.

#### **Datos Grobais da actividade .- Mulleres atendidas**

XANEIRO 2007

Total sesións: 14

FEBREIRO

Total sesións: 19  
Mulleres novas derivadas o programa: 1

MARZO

Total sesións: 29  
Mulleres novas derivadas o programa: 3

ABRIL

Total sesións: 19  
Mulleres novas derivadas o programa: 1

MAIO

Total sesións: 23

XUÑO

Total sesións: 20  
Mulleres novas derivadas o programa: 1

XULLO

Total sesións: 21  
Mulleres novas derivadas o programa: 1

SEPTEMBRO

Total sesións: 15  
Mulleres novas derivadas o programa: 1

OUTUBRO

Total sesións: 19  
Mulleres novas derivadas o programa: 2


### NOVEMBRO

Total sesións: 23  
Mulleres novas derivadas o programa: 4


### DECEMBRO

Total sesións: 23  
Mulleres novas derivadas o programa: 1

## 7.2.- POBOACIÓN ATENDIDA


	Inicio terapia 02	Inicio terapia 03	Inicio terapia 04	Inicio terapia 05	Inicio terapia 06	Total
Nº 	1	3	4	14	15	<b>37</b>

## 7.3.- PROBLEMÁTICA SICOLÓXICA PLANTEXADA


Problemática	Nº 
Deterioro situación parella	6
Separación	9
Relaciones familiares	10
Autoestima	2
Secuelas derivadas de malos tratos	8

Secuelas abusos sexuales	2
<b>Total mulleres</b>	<b>37</b>

#### 7.4.-INTERVENCIÓN Sicolóxica

Tipo intervención	Nº 	Nº sesións
Terapia	37	225

#### 7.5- TERAPIA

TERAPIA	Situación	Nº 
	En activo	18
	Altas	19
<b>TOTAL</b>		<b>37</b>

6- Realizacións de informes e certificados.

7- Reunións de coordinación cas membras da equipa do Centro.

8- Coordinación con educadoras da equipa de familia.

#### 9- Asistencia a xuízos.